

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**5130** *Corrección de erros do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas.*

Advertidos erros no texto do Real decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 15, do 1 de decembro de 2008, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 1645, primeira columna, artigo 2, debe engadirse: «e) Estivesen en condicións de acceder á universidade segundo ordenacións do Sistema Educativo Español anteriores á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación»

Na páxina 1647, primeira columna, artigo 10.2, e na segunda columna, artigo 14.1; na páxina 1650, primeira columna, artigo 26.3; na páxina 1651, primeira columna, artigo 33.1 e, finalmente, na páxina 1652, primeira columna, artigo 41, parágrafo primeiro, onde di: «..., arredondada á centésima...», debe dicir: «..., arredondada á milésima...»

Na páxina 1650, primeira columna, artigo 26.5, última liña, onde di: «... ao inicio do curso correspondente á proba», debe dicir: «... ao inicio do curso».

Na páxina 1651, primeira columna, artigo 31, onde di: «..., e corresponderalles,...», debe dicir: «..., e corresponderalles con carácter preferente,...»

Na páxina 1652, primeira columna, artigo 45.1, onde di: «...situacións previstas no artigo 3...», debe dicir: «...situacións previstas no artigo 2...»

Na páxina 1653, segunda columna, artigo 54.2, onde di: «...conforme o disposto no artigo 14», debe dicir: «...conforme o disposto no artigo 14 e no artigo 26.», e onde di: «... En todo caso, para a adxudicación de prazas,...», debe dicir: «...En todo caso, cando se produza empate para a adxudicación de prazas,...»

Na páxina 1654, segunda columna, artigo 57.3, parágrafo primeiro, onde di: «...o requisito recollido no artigo 3.b).», debe dicir: «...o requisito recollido no artigo 2.b).»

Na páxina 1655, primeira columna, disposición adicional terceira, onde di: «... á fase específica establecida nos artigos 9 e 10...», debe dicir: «... á fase específica establecida nos artigos 11 e 12...»

Na páxina 1655, primeira columna, disposición adicional sexta, onde di: «...para os deportistas de alto nivel, cota...», debe dicir: «...para os deportistas de alto nivel e alto rendemento, cota...»